

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de xuño de 2022**

Ás 17.00 horas do día 16 de xuño de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asisten dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular (substituída por don Miguel Antonio Cid Álvarez) nin don César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular (substituído por Ana María Villarino Pardo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE MAIO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de maio de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 19 de maio de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A CREACIÓN DUNHA UNIDADE DE ICTUS NO CHUO E MELLORA DO TRANSPORTE SANITARIO URXENTE DOS PACIENTES

A **presidenta da comisión** cédelle a palabra á deputada do Grupo Socialista, dona Margarita Pérez Fernández, para a defensa da dita moción.

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, explica con detalle o contido da moción do seu grupo.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, reserva o seu voto para o Pleno sinalando, en todo caso, que está de acordo co manifestado pola deputada socialista pero coa finalidade de poder estudar o tema e enriquecer a moción, se é o caso.

Don Bernardo Varela López, do BNG, mostra o seu total apoio a esta iniciativa que sería do máis beneficioso para esta provincia, polo que anuncia que o seu voto será afirmativo.

Dona Luz Doporto Real, do Grupo Popular, manifesta tamén o seu apoio a esta moción e anuncia que reserva o voto para o estudo e enriquecemento desta moción.

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, di que todas as aportacións que se fagan a esta moción serán ben recibidas e agradecidas, pero espera que sexan aportacións e non substitucións que desvirtúen o sentido que lle queren dar a esta moción.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a crear, con urxencia, unha unidade de ictus no CHUO.

2º.- Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a mellorar o transporte sanitario urxente dos pacientes sitos na xeografía de Ourense con sospeita de ictus ao CHUO, para que accedan á futura unidade de ictus en menos dunha hora desde calquera punto da provincia.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, formula un rogo e unha pregunta no sentido de que cando se aprobaron no Pleno as bases de Benourense falouse de que esa partida é insuficiente para cubrir as necesidades dos nenos e nenas dos concellos e acordouse que se ía estudar o aumento da aportación a ese programa e o reparto que se fai deses fondos pois ao parecer algúns concellos devolven parte da subvención outorgada e quería saber como está este tema xa que outros concellos si necesitarían máis axudas.

Di tamén que lles chegou información de que a Deputación contratou unha empresa para pór en marcha o Plan de Igualdade e parécelles un pouco caro en comparación con outros organismos que atenden un número de persoal en torno a 800 ou 1000, e piden ter acceso ao currículo do persoal da empresa que se vai facer cargo dese Plan de Igualdade.

A **presidenta da comisión** di sobre as bases de Benourense que desde a Área de Benestar se están estudando os criterios de reparto deses fondos e que en canto teñan os datos serán informados. E con respecto á segunda pregunta sobre o Plan de Igualdade toma nota e contestaranlles polos medios oportunos.

E, ás 17.16 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.